

Ao principio, semella




que vai pasar axiña.  
Pero daquela as noites  
fanse máis e máis longas.  
Hai que mulir as plumas  
para non pasar frío  
e cada vez custa máis imaxinar  
que houbo un tempo con calor.  
E imaxinar que  
algún día volverá a calor,  
custa aínda máis.  
Mesmo cando os días  
comezan a ser máis longos.  
Porque entón  
vai aínda máis frío.



*Hanna Johansen*

No verán  
pódese peteirar a terra  
e sacar de cando en vez algunha miñoca.  
Pero no inverno a terra está dura  
como unha pedra e, nin sequera  
en soños se atrapan miñocas!



## Cando ía tanto frío,

os merlos vivían onde comeza o bosque.  
Alí, escravellando un pouco entre as  
follas caídas, aínda podían atopar alimento.  
Pero, mesmo no bosque,  
nin sequera en soños se podían atrapar  
miñocas porque se enterraran ben,  
ben fondo.





Ata que...  
Un día de febreiro,  
o sol,  
ademais de lucir máis radiante no ceo,  
quentaba máis que de costume.

Por fin!


Habería unha primavera.

O aire deixou de ser tan frío.  
Cada día anoitecía un pouco máis tarde  
e os merlos voaban inquedos.



Necesitaban un lugar  
para pasar o verán;  
un lugar que fose deles e só deles,  
ademais de ser un bo lugar.  
Un tras outro saíu na súa busca.  
Voaron ata chegar ás aforas da cidade,  
onde hai moitos xardíns,  
e alí examinaron cada un deles,  
polo miudiño.  
Comparábanos e escollían o mellor.  
E había que ser rápido  
porque, cando un merlo  
se instalaba nun xardín,  
non era nada doado botalo.





O truco estaba en atopar  
un xardín que aínda non estivese  
ocupado; un xardín sen merlos.  
Daquela,  
os merlos machos  
pousábanse no tellado  
e cantaban aos catro ventos  
que ese xardín lles pertencía;  
avisaban os demais.



Despois,  
tiñan que atopar  
unha merla  
e convencela de que lles axudase  
a construír un niño.

Porque,  
se chegaban a un acordo  
—e non era fácil elixir o lugar  
onde se faría—,  
a femia encargábase de todo:  
buscaba pólas,  
herbas  
e plumas;  
reuníaas,  
transportábaas  
e, con elas, construía o niño.

Pero aínda non chegara o momento.





## Un merlo macho

alzou o voo  
un fermoso día de marzo.  
Sabía perfectamente  
que camiño tomar  
e, decontado,  
atopou o xardín que buscaba.  
Era a terceira vez que ía alí.

Nese xardín había unha casa.  
Nesa casa,  
vivía unha nena  
que sabía saltar á corda  
e tocar a frauta doce.  
Chamábase Nana.  
Pero un merlo non elixe  
un xardín por unha nena.  
Daquela,  
por que?

